

# **OBRADOIRO DE TEATRO EN LINGUA ESTRANXEIRA: francés**



## PROPOSTA DE MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN 1º ESO

### ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN E ALUMNADO A QUEEN VAI DIRIXIDA. PROFESORADO ENCARGADO DA MATERIA.....	3
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	4
3. OBXECTIVOS XERAIS.....	5
3.1 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.	
4. METODOLOXÍA.....	6
5. CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	7
5.1 CONTIDOS ESPECÍFICOS.....	11
5.2 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓNS PARA SUPERAR A MATERIA.....	15
5.3 MEDIDAS DE APOIO E/ OU REFORZO EDUCATIVO.....	15
5.4 TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS.....	15
6. AVALIACIÓN. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	16
6.1 OS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.	
6.2 PESO DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	17
6.3 PROBA EXTRAORDINARIA.....	17
6.4 GARANTÍAS PARA UNHA AVALIACIÓN OBXECTIVA.....	17
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	18
8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....	18
9. TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS.....	19
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....	19
11. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE.....	19

## 1. INTRODUCCIÓN E ALUMNADO A QUEN VAI DIRIXIDA

O departamento de Francés Lingua Estranxeira do I.E.S Xunqueira 1 propónse abordar este obradoiro de Teatro en lingua estranxeira, francés para o alumnado de 1º da ESO dende una perspectiva que engloba as recentes achegas das ciencias da linguaxe relacionadas co teatro.

A materia será impartida pola profesora M<sup>a</sup> Carlota Penelas Grela en 3 grupos de 1º da ESO.

O obxectivo fundamental é que o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a súa plena realización persoal e social empregando como ferramenta **unha lingua estranxeira, o francés, onde tod@s van partir do mesmo nivel sen diferenciación de ningún tipo**, facendo fincapé no plurilingüismo e nas transferencias lingüísticas entre idiomas, en definitiva mellorar a calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O teatro nunha lingua estranxeira é unha estratexia pedagóxica, lúdica, motivadora, transversal e multidisciplinar que parte da inmersión dun aula completa nun proxecto dramático. Este obradoiro pretende aglutinar o colectivo ao redor dunha empresa que pertence a todos é a cada un. Tod@s serán protagonistas e autores porque a materia será flexible a súas necesidades

O teatro é unha potente ferramenta de aprendizaxe que fomenta habilidades coma a expresión oral, corporal e emocional. Nestes tempos tan pouco dialogantes, nos que o alumnado deixou de ser un emisor de emocións para converterse nun mero receptor, consideramos moi axeitada unha actividade que potencie e respecte a expresividade do noso alumnado, tomando o recoñecemento das propias emocións e reaccións como base para o recoñecemento e respecto das emocións, reaccións e opinións alleas unha actividade que potencie e respecte a expresividade do noso alumnado pero que lles faga saber que, ademais da súa, existen outras opinións igualmente respectables. A actividade artística que conxuga estas dúas posturas ( escoitar e expor), que son o eixe da convivencia e da cidadanía, é o Teatro.

Ademais este obradoiro de teatro permitirá a inclusión de todo o alumnado de 1º da ESO porque todas e todos parten de cero en canto a competencia lingüística nesta lingua estranxeira, demostrándolles que todas as linguas son esenciais e todas poden axudarlles a entender unha nova lingua. No século XXI temos que aceptar un novo concepto de alfabetización nas linguas: saber cando e por que se necesita información, utilízala e comunícala de maneira ética. Esta alfabetización farase gradualmente tendo en conta **a atención á diversidade** e o seu logro permitirá a estes futuros cidadáns e cidadás participar eficazmente e activamente nesta sociedade do coñecemento.

Confiamos en que este desenvolvemento contribúa ao benestar e á mellora das relacións e do comportamento en todas as materias, e tamén que favoreza a madurez, a seguridade e a autonomía do alumnado en xeral.

Pero este obradoiro tamén ten en conta que se nutre non soamente do aspecto lingüístico para o seu desenvolvemento senon tamén de elementos plásticos e visuais, musicais e de códigos corporais e xestuais empregados na representación dramática. Tendo en conta que no centro o alumnado pode cursar Bacharelato de Arte, a profesora solicitará a colaboración dos departamentos de Debuxo, de Música e de Educación Física.

O departamento participará activamente coa Biblioteca. O eixo do vindeiro curso será “ A Publicidade”. Este tema chegarase na segunda avaliación.

De ter unha boa acollida polo alumnado matriculado o vindeiro curso, todo traballo, proxecto terá unha saída fora da aula : nos corredoiros (coas performance), no colexio de primaria ( co kamishibai), no blogue da Biblioteca, ...

## 2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Consideramos que unha materia como esta pode aportar moito ao desenvolvemento das competencias do alumnado.

- **COMPETENCIA COMUNICATIVA:** como sinala o MCER e os estudos lingüísticos actuais, a competencia lingüística é por definición plurilingüe, de xeito que o desenvolvemento da mesma en calquera lingua contribúe activamente ao desenvolvemento das outras linguas. Ademais, a multiplicidade de códigos empregados no teatro (plástica, música, expresión corporal e dramática...) permite enmarcar a lingua no máis amplo espectro da comunicación humana en xeral, establecendo pontes entre eses códigos e enriquecendo as habilidades do alumnado para comunicarse.

Nese mesmo senso, a utilización de diferentes códigos, así como a presenza de diferentes técnicas teatrais, axudará ao desenvolvemento da **CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL**.

-**COMPETENCIA SOCIAL E CIDADANA:** a expresión dramática e a ficcionalización de diversas situacións de comunicación favorece tanto a interiorización de códigos sociais e estratexias de relación como o coñecemento e xestión das emocións propias e alleas, desenvolvendo a empatía e a capacidade para entenderse un mesmo, entender aos demais e solucionar os conflitos.

-**COMPETENCIA MATEMÁTICA:** o obradoiro contribúe á adquisición desta competencia no traballo da posición e do movemento do corpo no espazo, favorecendo o coñecemento e manexo dalgúns elementos matemáticos básicos ( medidas, números, proporcións, estruturas,...). O coñecemento do espazo escénico ou lugar de representación e danza implica o desenvolvemento da dimensión espacial e xeométrica.

- **COMPETENCIA DIXITAL:** as TIC son un medio privilexiado para demostrar o coñecemento das artes escénicas, para analízalo, comunicalo e compartilo, así como para o seu desenvolvemento creativo.

- **COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER:** un obxectivo prioritario é que o alumnado desexe coñecer máis, que sexa consciente das súas propias capacidades e do proceso e das estratexias necesarias para desenvolvelas e, en definitiva, que teña esa percepción de “ auto-eficacia”. A motivación e a confianza son cruciais para desenvolver aprendizaxes cada vez máis eficaces que amplíen súas habilidades de expresión, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación e a improvisación, tanto individual como colectiva; así como mediante a xeneralización do seu cultivo no tempo de lecer.

- **COMPETENCIA DE SENTIDO DE INICIATIVA:** co obradoiro pretendemos potenciar a capacidade de pensar de xeito creativo, a importancia do esforzo e o espírito emprendedor. O alumnado debe comprender e analizar o sentido da iniciativa e emprendemento dunha obra teatral. Na súa vertente práctica tamén estes valores deben de estar presentes, dende unha perspectiva da exercitación: a creatividade, a autoestima, a capacidade de xestionar proxectos, o traballo cooperativo, o manexo da incetidume, o liderazgo e a vez a delegación. Este obradoiro pretende dotar ao alumnado de recursos para ser crítico, práctico co entorno e posteriormente responsable das súas decisións.

### **3. OBXECTIVOS XERAIS:**

- Elevar a autoestima e a autoconfianza do alumnado.
- Crear na aula un marco de convivencia agradable.
- Fomentar hábitos de conduta que potencien a socialización, tolerancia e cooperación.
- Demostrar a posibilidade de comunicarse nunha lingua estranxeira partindo de cero e implicando as outras linguas nos diferentes proxectos.(TIL=tratamiento integral das linguas).Favorecendo o desenvolvemento global das habilidades comunicativas establecendo pontes con outras linguas e códigos.
- Demostrar que falar noutras linguas que non sexa a lingua materna non ten que supor un esforzo constante adicional.

#### **3.1 Obxectivos específicos:**

- Coñecer a súa propia voz e utilizar a palabra nunha lingua estranxeira como medio de expresión.
- Atopar no seu corpo ( mans, voz, xestos, mirada, movementos) recursos educativos e persoais e disfrutar deles.
- Poder transportarse coa imaxinación a outras situacións, desenvolvendo mediante a ficción unha maior comprensión das persoas e do mundo, empregando o francés coma ponte das outras linguas.
- Adquirir habilidades de carácter social, por exemplo, traballar en grupos, desenvolverse nas relacións interpersoais, organizar e planificar o traballo colectivo e individual.
- Intergrar de forma armónica outras linguaxes asociadas ao teatro, en especial os medios de expresión visuais, acústicos, musicais, plásticos e as novas tecnoloxías aplicadas ao montaxe dunha obra teatral.
- Xerar, desenvolver e estruturar ideas de forma coherente.
- Interpretar practicando técnicas de representación que supoñen o control do xesto e da voz, a relación dramática co obxecto e o estudio do uso do espazo.
- Participar en espectáculos teatrais disfrutando e valorando os diversos elementos que constitúen a representación sendo capaces de manifestar xuízo razoado sobre eles e relacionándoos con outras manifestacións artísticas.
- Valorar a importancia do traballo colectivo en producións e montaxes de espectáculos, onde a perseverancia no traballo a longo prazo ten como resultado o éxito de todo o grupo.
- Fomentar a comunicación oral e expresiva máis aló da creación artística: ler e interpretar o lido, falar con corrección, vocalizar e expresarse con fluidez nunha lingua estranxeira, o francés.
- Adquirir coñecemento dun mesmo, desenvolver a confianza propia e allea, a solidariedade, tolerancia e integración das diferencias con respecto ao outro mediante actividades lúdicas e dinámicas.
- Manter unha actitude positiva, de interese e curiosidade cara á lectura.

#### 4. METODOLOXÍA

O punto de partida para o obradoiro de Teatro en Lingua estranxeira é o propio alumnado, pois o alumnado é o verdadeiro protagonista da clase. A profesora é a encargada de potenciar as capacidades do alumnado, propoñer diversos materiais, xogos dramáticos ou temas, tendo moi claro que a materia vai a ser cursada sen coñecemento previo da lingua francesa.

A profesora ten que motivar o seu traballo unha vez explicatadas as normas de traballo concretas en cada apartado dos contidos, dinamizando o grupo e negociando con el, para que cada un dos seus membros vexa reflexadas a súas opinións e aprenda a valorar as súas iniciativas e as dos demais.

A metodoloxía empregada será o **TPRS-IC**. É un método creado por Blaine Ray. Persegue un enfoque de clase natural, ameno e eficaz onde o alumnado aprenda e interactúe dun xeito natural.

Segundo Stephen Krashen o Input Comprensible é o xeito máis natural de adquirir unha lingua e ocorre cando o aprendiz é capaz de comprender as mensaxes proporcionadas polo contexto dun modo natural, libre de estrés. O obxectivo é alcanzar a fluidez e esta conséguese mediante a audición repetitiva como fan as crianzas cando adquiren a súa lingua materna ( Krashen, 1997,p.3).

Para desenvolver esta fluidez:

- 1) Unha clase de teatro en lingua estranxeira ten que ser comprensible.
- 2) O alumnado ten que recibir suficiente input auditivo comprensible de estruturas básicas e vocabulario sinxelo na lingua meta; esto permitiralles utilizar as estruturas oralmente para expresar o que queren na lingua meta. É a clave máis importante para alcanzar a fluidez
- 3) O input auditivo ten que manter continuamente o interese do alumnado.
- 4) O vehículo para que o alumnado desenvolva a súa habilidade de expresarse oralmente con fluidez será o Teatro.

**Nunha clase de teatro de IC** a proposta é empregar contos, curtametraxes sinxelos e repetitivos, onde o alumnado teña diferentes oportunidades de escoitar o mesmo vocabulario e estruturas en varios contextos . O obradoiro pretende lograr captar a súa atención para logo poder empregalo en distintas representacións teatrais.

**5. CONTENIDOS. CRITERIOS DE EVALUACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.**

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN
<p><b>1. Bloque 1. Persoa e personaxe</b></p> <p>1.1 Comprensión dos distintos elementos expresivos na construción do personaxe: cinesis e prosodia.</p> <p>1.2 Diferenciación de tipos de personaxes: realista e estereotipado. Cómico, dramático e trágico.</p> <p>1.3 Diferenciación de estilos de interpretación: minimalista, amplificada e introspectiva.</p> <p>1.4 Construción do personaxe a partir da expresión corporal e de elementos externos: maquillaxe, vestuario, accesorios.</p> <p><b>2. Bloque 2. O espazo</b></p> <p>2.1 Diferenciación de tipos de espazos: espazo real e espazo teatral. O escenario, tipos de escenarios e a súa interacción co público.</p> <p>2.2 Superación do medo escénico:</p>	<p>1.1 Comprender os distintos recursos expresivos faciais e corporais.</p> <p>1.2/1.3 Comprender a diferenza entre distintos tipos de personaxes.</p> <p>1.4 Ser capaz de construír personaxes a partir dunhas pautas expresivas e duns elementos externos.</p> <p>2.1 Diferenciar entre distintos tipos de espazo teatral.</p> <p>2.2 Superar o medo escénico.</p>	<p>1.1 Recoñece distintos recursos faciais, corporais e vocales a partir de imaxes e cuadros.</p> <p>1.2/1.3 Percibe e explica a diferenza entre varios modelos de personaxes tomados de producións audiovisuais.</p> <p>1.4 Aplica estas diferenzas na construción de personaxes de distinto tipo mediante unhas pautas expresivas e uns elementos externos.</p> <p>2.1 Diferencia de modo correcto el espacio real y teatral así como as distintas variedades de escenarios.</p> <p>2.2 Manifiesta un control corporal e un certo grao de relaxación durante</p>	<p>Primeira, segunda e terceira avaliación. Punto 5.3</p>

<p>técnicas asociadas.</p> <p><b>Bloque 3. A acción.</b></p> <p>3.1 Construción e seguimento dunha situación dramática: conflito dramático.</p> <p>3.2 Improvisación de conflitos dramáticos. O acto perlocutivo.</p> <p>3.3 Construción e seguimento dunha situación cómica.</p> <p>3.4 Improvisación de situacións cómicas.</p> <p><b>Bloque 4. O texto.</b></p> <p>4.1 O texto teatral: linguaxe literario, linguaxe dramático.</p>	<p>3.1 Comprender as claves do conflito dramático a partir do choque de intereses, motivacións ou visións da realidade.</p> <p>3.2 Improvisar un conflito dramático. Analizar a diferenza entre a intención do mensaxe e o seu efecto no receptor.</p> <p>3.3/3.4 Comprender as claves dunha situación cómica. Improvisar unha.</p> <p>4.1 Diferenciar os distintos tipos de texto.</p>	<p>o uso do espazo escénico.</p> <p>3.1 É capaz de seguir un conflito dramático a partir do choque de intereses, motivacións ou visións da realidade.</p> <p>3.2/3/4 É capaz de improvisar unha situación de conflito dramático, una situación de enredo cómico a partir dunha pauta inicial.</p> <p>4.1 Analizar textos teatrais.</p> <p>4.2 Ser capaz de construír escenas dramáticas nunha lingua estranxeira.</p> <p>4.3 Realizar lectura dramatizada nunha lingua estranxeira.</p>	
--	---	---	--



<p><b>Bloque 5. Os medios expresivos.</b></p> <p>5.1 O uso da iluminación como medio de expresión.</p> <p>5.2 O uso da música como medio de expresión.</p> <p>5.3 O uso de soportes informáticos e outros elementos visuais e sonoros como medios de expresión.</p> <p><b>Bloque 6: O montaxe.</b></p> <p>6.1 Distintos roles na montaxe teatral: dirección, grupo de intérpretes, responsables da escena,...</p> <p>6.2 Fases na creación e posta en escena dunha montaxe teatral.</p> <p><b>Bloque 7: Técnicas de traballo.</b></p> <p>7.1 Técnicas de preparación corporal: respiración, distensión muscular, exercitación vogal.</p> <p>7.2 Técnicas de preparación psicolóxica e apropiamento do texto: imitación, proxección, memorización</p>	<p>5.1/2/3 Comprender de xeito práctico a importancia do uso dos medios expresivos na dramatización.</p> <p>6.1/2 Comprender a importancia dos distintos roles na construción dun montaxe teatral.</p> <p>7.1/2/3 Coñecer e practicar técnicas diversas.</p>	<p>5.1/2/3 Emprega de xeito autónomo distintos recursos expresivos na construción de dramatizacións breves.</p> <p>6.1 Explica e pon en xogo no traballo en equipo os distintos roles precisos na construción dunha montaxe teatral ou audiovisual.</p> <p>6.2 Explica e pon en xogo as distintas fases na posta en escena dunha dramatización.</p> <p>7.1 Coñece e pon en práctica diversas técnicas seguindo pautas dadas.</p> <p>7.2/3 Manifesta unha evolución nas súas capacidades expresivas e interpretativas a partir da aplicación</p>	
--	--	---	--

<p>e repetición.</p> <p>7.3 O ensaio e a repetición. A apropiación e naturalización do texto.</p> <p><b>Bloque 8: Códigos sociais</b></p> <p>8.1 Valorar e respectar as manifestacións creativas propias e do outro alumnado.</p>	<p>8.1 Participar, comunicar, analizar producións propias e alleas.</p>	<p>de técnicas teatrais.</p> <p>8.1 Participar en improvisacións e xogos escénicos.</p> <p>8.2 Comunicar vivencias persoais a través de técnicas teatrais.</p> <p>8.3 Integrarse de forma activa en grupos.</p> <p>8.4 Analizar de xeito constructivo o traballo dos/as compañeiros/as e valorar e respectar as manifestacións creativas do outro alumnado.</p>	
---	---	---	--

## 5.1. CONTIDOS ESPECÍFICOS


### PRIMEIRA AVALIACIÓN

Centro de interese	Proxecto	Contidos	Competencias	Material
1. Égalité  Moi...Elle/lui	1.Representación ( xogos de rol,improvisación).  2. Mímica dunha canción francesa. Gravación para facer un tiktok.	1.A linguaxe non verbal: como comunicarse co corpo en distintas situacións, procurando evitar malentendidos (asociadas a xestos) culturais. Ritmo, psicomotricidade e desplazamento: corpo en movemento.  2. Coñecemos uns aos outros, respectando todas as diferenzas.  Búsqueda do personaxe: quen son/é? Como son/e?  3. Movemento, posturas e xestos axeitados a distintas situacións e entornos. Identificación das emocións. Caracterización.  4. Comunicación non verbal asociada a grupos culturais.  5. Observación e imitación: percepción e memoria.  6. Relaxación e respiración: memoria sensitiva.	CCA CAA CAIP CCL CSC	1. Curtas de cine mudo. 2. Mímica francesa. 3. Banda deseñada. 4. Conto: “ Homme de couleur”, presentado co kamishibai. 5. Cancións francesas.

SEGUNDA AVALIACIÓN: **temporalización: retomarse todo o dado na primeira avaliación**

Centro de interese	Proxecto	Contidos	Competencias	Material
<p>1.Fraternité Sois écolo!</p>	<p>1.Elaboración dun vídeo, dun TikTok para proxectalo no instituto. 2. Performance.</p>	<p>1.Teoría dos coñecementos previos adquiridos noutras linguas vehiculares e estranxeiras: mots transparents. TIL (tratamento integral das linguas): o mundo animal no século XXI.  2. Modulación da voz, ritmo, dicción. Produción, proxección, declamación.  3. A imaxe, o son, a presentación.  4. Texto escénico. Creación colectiva.  5. Introducción à performance como arte multidisciplinar.  6. Improvisación. Xogos colectivos.  7. Técnicas auxiliares: máscaras.</p>	<p>CCA CAA CAIP CCL CSC</p>	<p>1. Curta “The birds”.  2.Representación en kamishibai : « L’oiseau puhuy ».  3. Publicidade</p>

TERCEIRA AVALIACIÓN: **temporalización: retomarase o dado na primeira e na segunda avaliación.**

Centro de interese	Proxecto	Contidos	Competencias	Material
<p>3. LIBERTÉ</p> <p>Et mes droits?</p> 	<p>1. Elaboración dun teatro de sombras, coa finalidade de presentalo o alumnado de sexto de primaria.</p> <p>2. Performance</p>	<p>1. Posta en común e debate sobre os dereitos do alumnado na aula, sobre os límites deses dereitos.</p> <p>2. Aprender a reivindicar os seus dereitos acatando as normas da sociedade.</p> <p>3. Aprender a comunicarse fora da aula seguindo as convencións lingüísticas.</p> <p>4. Resolución de conflitos a través do diálogo e respecto.</p> <p>5. Ubicación espacial dos obxectos. Relación sensorial e emocional.</p> <p>6. Luz: luminotecnia. O</p>	<p>CCA CAA CAIP CCL CSC</p>	<p>1. Poesía.</p> <p>2. Publicidade.</p> <p>3. Curtas.</p>

		visual no teatro. 7. Son: onomatopeyas, sonorizacións, efectos especiais. Composicións. Gravacións musicais e de voz.		
--	--	---	--	--

## **5.2 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.**

Dado o carácter práctico da materia o alumnado terá que demostrar un grao mínimo na súa capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado, para participar individualmente ou en grupo nas distintas tarefas , para respetar as ideas alleas, para deseñar un espectáculo. A pretensión deste obradoiro é que o alumnado adquira as competencias claves e estándares a través do principio de “ **aprender facendo**”.

## **5.3 MEDIDAS DE APOIO E/OU REFORZO EDUCATIVO.**

O obradoiro, en si mesmo, ten como obxectivo estimular a socialización e mellora da autoestima e a visión de si mesmo do alumnado. Nese sentido, se se percibe un problema que bloquea o proceso é preciso desenvolver medidas paralelas de apoio persoalizado. Podemos resumilas nas seguintes:

1. Persistencia da timidez e medo escénico: proceso de acompañamento e desinhibición progresiva. Exercicios específicos persoalizados.
2. Persistencia das dificultades para interactuar con outras persoas: Proceso de incorporación progresiva no grupo de traballo partindo do traballo en parella con unha ou un colaborador@ que proporcione seguridade e tranquilidade.

## **5.4 TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS**

É moi complexo dividir os contidos por avaliacións dado que as diferentes técnicas se traballarán ao longo de todo o curso escolar con distintas actividades a diferentes graos de dificultade.

Os contidos combinaranse ao longo das tres avaliacións dunha maneira cíclica. En todas as sesións combinaranse exercicios dos contidos arriba expostos. Utilizaranse transversalmente os bloques, escollendo os que se consideren axeitados para cada momento

## 6. AVALIACIÓN. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS.

Os aspectos a ter en conta na avaliación do Obradoiro de Teatro son variados, e inclúen de tipo didáctico, creativo e humán. Dita avaliación ten sentido como instrumento para comprobar o grao de adquisición e consolidación dos obxectivos previstos, xunto coa asimilación dos contidos impartidos.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<p>1. Observación sistemática do traballo diario na aula tanto individual como grupal.</p> <p>2. Análise de produccions do alumnado.</p> <p>3. Probas obxectivas.</p>	<p>1. <u>Rexistro anecdótico</u>: rúbricas de autoavaliación individual e grupal para valorar carencias ou actitudes positivas.</p> <p><u>2.1 Diario de aprendizaxe</u>: o alumnado elaborará un diario de aprendizaxe onde anotará en cada unha das sesións ao final da clase, na súa lingua vehicular , os contidos e as técnicas traballados. E na lingua estranxeira, a súa valoración persoal da clase e o vocabulario e expresións que aprenderon nesa nova lingua e que lembran. 1.</p> <p><u>2.2 Actividades diarias de carácter creativo</u>: como improvisacións, participación en xogos colectivos, gravacións, mímica, lectura, composición de textos,...</p> <p><u>2.3 Montaxe de escenas, obras de teatro,...</u>: esforzo, dedicación e colaboración co resto do alumnado, aportacións persoais,...</p>



## **6.2 Peso dos instrumentos de avaliación:**

70%: rexistro anecdótico, actividades diarias, montaxe de escenas, obras de teatro..

10% : desenvolve o gusto polo Teatro como instrumento de comunicación; capacidade de analizar e regular os seus propios sentimentos e relacións; resolución de conflitos.

20% diario e probas obxectivas.

A materia terá carácter de avaliación continua.

## **6.3 Proba extraordinaria**

Aqueles alumnos/as que non obtivesen a calificación de aprobado en xuño, terán a opción de recuperar a materia en xuño cunha proba extraordinaria dos contidos traballados durante o curso. Esa proba constará de dúas partes: entrega do caderno/diario traballado durante o curso e unha proba oral, gravada para a súa puntuación.

A proba constará de dúas partes:

1. Traballo na aula virtual e entrega do diario: 40%
2. Proba escrita: 60%

## **6.4 Garantías para unha proba obxectiva**

Para garantir a obxectividade da avaliación, o alumnado integrarase de xeito constante e constante no proceso avaliador sendo partícipe dos criterios cos que vai ser avaliado e podendo comprender e analizar o seu propio proceso de aprendizaxe así como o dos/das seus/súas compañeir@s.

A profesora empregará rúbricas de auto-avaliación e de avaliación de traballo en grupo.

## **7. Materiais e recursos didácticos**

O teatro é unha manifestación expresiva que utiliza o movemento corporal e as posibilidades xestuais. É unha arte onde nós mesmos somos o material do cal está feito. O alumnado utilizará roupa cómoda que permita todo tipo de movementos.

A profesora dispoñerá dun banco de consignas para a realización das sesións.

Non se empregará libro de texto. Ademais do material audiovisual, empregaremos material fotocopiado, un kamishibai, atrezzo para compoñer as performance. As clases terán lugar na aula e no patio do instituto.

Todas as unidades estarán na Aula Virtual para que o alumnado que falte, por calquer motivo, poda facer un seguemento da materia dende a súa casa. Pero a profesora terá en consideración o alumnado que non conta con ordenador na casa: entregará o alumnado as tarefas semanais para desenvolver usando o centro como mediador ( ao deixalas en Conserxería e as familias recollerían, de poderse, ese material).

## **8. Deseño da avaliación inicial e medidas de atención a diversidade.**

No proceso de avaliación inicial atenderase máis aos posíbeis recursos e capacidades do alumnado que ás posíbeis deficiencias que presenten, aínda que sen esquecer estas. Parece ser máis produtivo analizar as expectativas e intereses, as potencialidades que posúen o alumnado coa fin de proporcionarlles unha educación adaptada a elas e eles. O coñecemento destas das súas expectativas proporcionará datos valiosos para organizar unhas actividades que fomenten a “ motivación a aprender”.

A diversidade do alumnado constitúe un valor incuestionable no desenvolvemento das sesións do obradoiro. É a partir desta diversidade como se constrúen as distintas dinámicas de interacción grupal e dramática. O coñecemento e o respecto desta diversidade é a clave para garantir o desenvolvemento da creatividade e o impulso dos procesos de manifestación e aceptación da individualidade. O respecto a diferenza, a identificación coa persoaxe, a empatía cara ao personaxe, o cambio de roles, a comprensión das limitacións e das capacidades corporais, a construción da autoimaxe a partir da aceptación do propio corpo. Todos estes aspectos forman parte da esencia mesma do obradoiro de teatro e polo tanto non é posible concibir a materia fora da atención a diversidade.

## 9. Tratamento de temas transversais.

En canto aos elementos transversais, están implícitos dalgunha maneira con diversos contidos e criterios de avaliación.

A “ Comprensión lectora”, así como a “ Expresión oral” e a “ Expresión escrita” están presentes en canto que reforzan e complementan, desde a linguaxe verbal, os procesos de adquisición das linguaxes escénicas. Respecto á “ Comunicación audiovisual” está moi presente pola existencia de numerosos recursos específicos en soporte audiovisual. Todas elas permitirán traballar a **Coeducación**: intentar sempre concienciarles acerca da igualdade de oportunidades e dereitos entre muller e home facéndolles ver as cualidades de todos eles como seres humanos e a súa capacidade para vivir en igualdade.

Igualmente, elementos como “ Emprendemento” e a “ Educación cívica e constitucional” trabállanse mediante a realización de proxectos diversos nos que o traballo colaborativo é a metodoloxía clave e nos que o respecto e os valores cívicos son esenciais para alcanzar un bo resultado.

A área contribúe tamén a desenvolver outros elementos transversais como o coidado da saúde física, mental e emocional ( “Educación para a saúde”), o respecto á diversidade cultural, a sensibilización cara aos estereotipos de xénero e os diferentes roles sociais ao longo da historia, a tolerancia na aula e no centro mantendo un clima pacífico ( “ Educación pola paz”), a concienciación de respecto polo medioambiente,...

Aínda que a materia se propoña dende o departamento de Lingua francesa, o traballo das Artes escénicas sempre ten un carácter interdisciplinar, pois máis alá da expresión corporal hai obxectivos relacionados coa educación artística, a construción e elaboración de obxectos e montaxes tecnolóxicas,...

Desde as artes escénicas exploraranse as múltiples posibilidades de encontro co resto de áreas e linguaxes, para deseñar tarefas integrais multidisciplinares. A interdisciplinariedade é un dos aspectos clave na práctica da aula.

## 10. Actividades complementarias

Ao longo do curso, o departamento irá decidindo.

## 11. Avaliación da práctica docente

Para avaliar o proceso de ensinanza-aprendizaxe nunha materia de características tan especiais como o Obradoiro de Teatro, a docente pode e debe permanecer nunha constante actitude de análise do proceso.

A interacción aberta co alumnado, consultado de maneira escrita ou oral sobre a valoración de determinadas actividades, así como os resultados obxectivos observados permiten ir regulando e adecuando a programación ao grupo.